

A programación das Radios Municipais Galegas

Radiofusión en directo

Ficha da nova

Enviar comentario

Paco Martín recibe mañá en Lugo a homenaxe ao “escritor na súa terra”

Cunha “migüña de fachenda” e “ilusionado por estar rodeado de amigos e compañeiros”, **Paco Martín** recibirá mañá sábado a homenaxe O escritor na súa terra, impulsada pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. O autor do de *Das cousas de Ramón Lamote*, un dos grandes best-seller da nosa literatura infantil e xuvenil, daralle nome a partir desta fin de semana á Biblioteca Municipal do barrio lucense da Piringalla. O tributo inclúe tamén a colocación dun monolito conmemorativo, a entrega do galardón Letra E de escritor e a plantación dun carballo. Martín elixiu esta árbore porque, segundo explica, “foi da que máis veces caín imitando a Tarzán”.

**Sociedade** • 24/06/2011 • Autor: Redacción

O escritor lucense continúa a traballar en novas obras, segundo contou en Radiofusión. Asegura que a escrita é xa “un vicio solitario” que non pode deixar, malia que, modesto, coida que a súa achega xa non é necesaria: “agora mesmo hai un cantidade extraordinaria de magníficos escritores que realmente fan as cousas como hai que facelas”. Matín amósase moi optimista sobre o futuro da literatura galega que goza, asegurou, dunha “magnífica saúde”, pero máis negativa resulta a diagnose sobre a situación da lingua. “O galego está a sufrir uns ataques moi duros, violentos e mentireiros”, afirma Martín, quen se laia da utilización de palabras “con connotacións tan importantes como a liberdade para, precisamente, acoutar a liberdade dos demais”.

Publicidade

dixital
terra chá.xa

Axenda

Proxección en Compostela de “A maleta de Sofía”

28/06/2011 - 21:00

Teatro Principal

Roteiro literario en Santiago con Marilar Aleixandre

28/06/2011 - 20:00

Praza do Obradoiro

Exposición La morada del hombre en A Coruña

28/06/2011 - 12:00h a 14:00h e de 18:00h a 21:00h

Fundación Barrié

Philippe Le Croix actúa en Lugo

27/06/2011 - 23:30

Clavicémbalo

Proxección dun filme sorpresa co Cineclub Lumiere

27/06/2011 - 20:30

Auditorio do Concello de Vigo